

Mércores, 11 de febreiro de 2026

Núm. 28

ADMINISTRACIÓN LOCAL**MUNICIPAL****PAZOS DE BORBÉN****Persoal, oposicións**

LISTA DEFINITIVA DE ADMITIDOS E EXCLUÍDOS, DESIGNACIÓN DO TRIBUNAL E CONVOCATORIA DE ASPIRANTES NO PROCESO SELECTIVO PARA O ACCESO MEDIANTE CONCURSO-OPOSICIÓN Á PRAZA DE FUNCIONARIO DE CARREIRA DE ARQUITECTO/A

ANUNCIO

ASUNTO: ANUNCIO DE APROBACIÓN DE LISTA DEFINITIVA DE ADMITIDOS E EXCLUÍDOS, DESIGNACIÓN DE MEMBROS DO TRIBUNAL, E CONVOCATORIA DE ASPIRANTES NO PROCESO DE SELECTIVO PARA O ACCESO MEDIANTE CONCURSO-OPOSICIÓN Á PRAZA DE FUNCIONARIO DE CARREIRA DE ARQUITECTO/A TÉCNICO/A DO CONCELLO DE PAZOS DE BORBÉN, DA ESCALA DE ADMINISTRACIÓN ESPECIAL, GRUPO A , SUBGRUPO A-2

Por Resolución da Alcaldía núm. 2026-0096, de data 04/02/2026, aprobouse a lista definitiva de admitidos e excluídos, designación de membros do tribunal, e convocatoria de aspirantes no proceso de selectivo para o acceso mediante concurso-oposición á praza de funcionario de carreira de arquitecto/a técnico/a do Concello de Pazos de Borbén, da escala de administración especial, Grupo A , Subgrupo A-2.

“EXPEDIENTE 725/2025.-

LISTA DEFINITIVA DE ADMITIDOS E EXCLUÍDOS, DESIGNACIÓN DE MEMBROS DO TRIBUNAL, E CONVOCATORIA DE ASPIRANTES, NO PROCESO SELECTIVO PARA O ACCESO MEDIANTE CONCURSO- OPOSICIÓN Á PRAZA DE FUNCIONARIO DE CARREIRA DE ARQUITECTO/A TÉCNICO/A DO CONCELLO DE PAZOS DE BORBÉN, DA ESCALA DE ADMINISTRACIÓN ESPECIAL, GRUPO A, SUBGRUPO A-2

Por Decreto nº 2025-0560 de data 16/07/2025 aprobáronse as BASES REGULADORAS PROCESO SELECTIVO PARA O ACCESO MEDIANTE CONCURSO-OPOSICIÓN Á PRAZA DE FUNCIONARIO DE CARREIRA DE ARQUITECTO/A TÉCNICO/A DO CONCELLO DE PAZOS DE BORBÉN, DA ESCALA DE ADMINISTRACIÓN ESPECIAL, GRUPO A, SUBGRUPO A-2, outorgando un prazo de 20 días naturais para presentar as solicitudes de participación por parte das persoas interesadas, que se contarán dende o día seguinte ó da publicación da convocatoria no Boletín Oficial do Estado(BOE nº 218, mércores 10 de setembro de 2025).

Finalizado o prazo fixado para presentar solicitudes, por resolución de 1010/2025 aprobouse a lista provisional de admitidos e excluídos dando un prazo de dez días hábiles ós efectos de reclamacións. (Anuncio publicado no BOPPO nº198 do 16/10/2025).

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
<https://sede.depo.gal>
Código seguro de verificación:BF41XVPL3SM4AJP



Mércores, 11 de febreiro de 2026

Núm. 28

Transcorrido o citado prazo sen que se produciran reclamacións, de acordo co establecido na base sexta e concordantes das bases deste proceso selectivo, e de conformidade coas atribucións que me confire a normativa vixente de réxime local

RESOLVO:

PRIMEIRO.- Aprobar a lista definitiva de admitidos e excluídos do proceso de selección arriba indicado, que se relaciona a continuación, con especificación dos motivos da exclusión.

Aspirantes admitidos

	<i>Apelidos e Nome</i>	<i>DNI</i>	<i>Data de Presentación</i>
1	Araceli Gómez Fresco	**4825***	28/09/2025
2	Ana Celia Barcia Rodríguez	**8345***	30/09/2025
3	Enrique Peñeiro Barros	**4979***	30/09/2025
4	Ángel Carbajosa López	**8417***	30/09/2025

Aspirantes excluídos:

Non hai.

SEGUNDO.- Designar como membros do tribunal para o procedemento de selección, de conformidade co establecido na base 6ª das aprobadas, trasladando esta resolución aos/ás compoñentes do tribunal cualificador, a:

1.- Presidente: Verónica Chaves González, arquitecta técnica do Servizo de Arquitectura, funcionaria da Deputación de Pontevedra.

Suplente: María del Carmen Gómez Manzano, xefa do Servizo de Arquitectura, funcionaria da Deputación de Pontevedra.

2.- Secretaria: María Isabel Fragueiro Piñeiro, axente de emprego e desenvolvemento local, funcionaria do Concello de Pazos de Borbén.

Suplente: M.ª Cyntia López Castellano, Axente de desenvolvemento local, funcionaria do Concello de Soutomaior.

3.- Vocal: Pilar Fernández Alonso, secretaria – interventora do Concello de Pazos de Borbén.

Suplente: Mª Jesús Rodríguez Freire, Secretaria- Interventora do Concello de Soutomaior.

4.- Vocal: María José Fernández Lamas, arquitecta técnica do Servizo de Arquitectura, funcionaria da Deputación de Pontevedra.

Suplente: Sara Piñón Esteban, arquitecta do Servizo de Arquitectura, funcionaria da Deputación de Pontevedra.

5.- Vocal: Andrea Otero Otero, xefa de sección de proxectos do Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais, funcionaria da Deputación de Pontevedra.



Mércores, 11 de febreiro de 2026

Núm. 28

Suplente: Jaime David Ruibal de Sola, xefe de sección de proxectos do Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais, funcionario da Deputación de Pontevedra.

O tribunal cualificador nomeado constituírase o día 11 de marzo de 2026, ás 9:00 horas, na Secretaría da casa do concello de Pazos de Borbén.

TERCEIRO.- Calendario de probas e convocatoria de aspirantes e tribunal:

- Convocar ó tribunal para o mércores 11.03.2026 ás 10:30 horas, no salón de actos do concello de Pazos de Borbén, situado no lugar de Pazos nº52; e convocar ás persoas aspirantes admitidas para a realización do primeiro exercicio do proceso de selección (cuestionario tipo test) o mesmo día mércores 11.03.2026 e no mesmo lugar ás 11:00 horas.
- Convocar ó tribunal para o mércores 08.04.2026 ás 09:00 horas, no salón de actos do concello de Pazos de Borbén, situado no lugar de Pazos nº52; e convocar ás persoas aspirantes admitidas para a realización do segundo exercicio do proceso de selección (de carácter práctico) o mesmo día mércores 08.04.2026 e no mesmo lugar ás 09:30 horas.

Os aspirantes deberán presentarse co DNI ou documento fidedigno acreditativo da súa identidade de conformidade co sinalado no artigo 8 das bases.

CUARTO.- Publicar esta resolución no Boletín Oficial da Provincia, no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello <https://pazosdeborben.sedelectronica.gal> e na páxina web www.pazosdeborben.gal, para público coñecemento.

QUINTO.- Contra a resolución que aprobe a lista definitiva, as persoas interesadas poderán interpoñer, con carácter potestativo, recurso de reposición, diante da alcaldía, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte á publicación da mesma. Por outra banda, os interesados tamén poderán formular un recurso contencioso administrativo diante do Xulgado Contencioso Administrativo de Vigo no prazo de 2 meses a contar dende a citada publicación, sen prexuízo de calquera outro que estime pertinente.

Así mesmo, os interesados poderán recusar aos membros do Tribunal cualificador, no prazo de tres días naturais dende a publicación da súa composición, cando, ao seu xuízo, concorra neles algunha das circunstancias previstas no artigo 23 Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.”

Así mesmo, a resolución aprobatoria da lista definitiva de admitidos e excluídos, designación de membros do tribunal, e convocatoria de aspirantes no proceso de selectivo para o acceso mediante concurso-oposición á praza de funcionario de carreira de arquitecto/a técnico/a do Concello de Pazos de Borbén, da escala de administración especial, Grupo A , Subgrupo A-2, se atopan publicadas e a disposición dos interesados no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello de Pazos de Borbén <https://pazosdeborben.sedelectronica.gal> e na páxina web do Concello de Pazos de Borbén <https://pazosdeborben.gal>).

O Alcalde,
Xosé Luciano Otero Camiña.

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
<https://sede.depo.gal>
Código seguro de verificación:BF41XVPL3SM4AJP

